

Co rogo de que lle dea a máxima difusión entre o persoal dese centro, achégolle a Instrucción III/2006 da xerente da Universidade, relativa ao calendario de festas, permisos e vacacións do persoal de administración e servizos.

Santiago de Compostela, 15 de marzo
A xefa do Servizo de Xestión de Persoal



Rosa M^a Fernández Somoza

INSTRUCCIÓN III/2006 DA XERENTE EN FUNCIÓNS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVA AO CALENDARIO DE FESTAS, PERMISOS E VACACIÓNS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Co fin de que todo o persoal de Administración e Servizos dependente da Universidade de Santiago de Compostela coñeza o calendario laboral e o réxime de permisos e vacacións correspondentes ao ano 2006, a xerente en funcións, unha vez informados os órganos de representación do persoal, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 11 de xullo de 2003 (DOG do día 18 de agosto), dispón:

1.- De conformidade co establecido no Decreto 209/2005, do 14 de xullo (DOG do día 2 de agosto), polo que se determina o calendario laboral para o ano 2006, as festas de carácter retribuído e non recuperables na Comunidade Autónoma de Galicia para este ano serán as seguintes:

6 de xaneiro	Epifanía do Señor
13 de abril	Xoves Santo
14 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Santiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Tódolos Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

2.- Segundo dispón a resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais do 19 de outubro de 2005 (DOG do día 23 de novembro), as festas de carácter local retribuídas e non recuperables para o ano 2006 son:

Santiago de Compostela	28 de febreiro	Martes de entroido
	25 de maio	Festividade da Ascensión
Lugo	28 de febreiro	Martes de entroido
	5 de outubro	San Froilán

3.- Nas datas que a seguir se relacionan, pecharán tódolos servizos da Universidade, agás aqueles contratados en réxime de xornada especial:

27 de xaneiro

San Tomé de Aquino

Día da apertura de curso

4.- Así mesmo serán festivos os días dos patróns dos Centros Universitarios aprobados polo Consello de Goberno e o Consello Social no Calendario Escolar de cada Curso Académico.

5.- a) Ao longo do ano poderán disfrutarse dos días de permiso por asuntos particulares, que se especifican a continuación, condicionándose a súa autorización a que os servizos queden debidamente atendidos:

- 11 días para o persoal destinado en Centros Universitarios que celebren a festividade do seu patrón.
- 12 días para o persoal adscrito a Servizos Centrais que non celebren a festividade do seu patrón.
- 6 días para os traballadores en xornada especial de fin de semana.

Para efectos aclaratorios, a concesión deste permiso quedará sometida ao seguinte réxime:

- En ningún caso terán a consideración de vacacións e, polo tanto, non poderán acumularse ás vacacións anuais retribuídas.
- O persoal poderá distribuír os ditos días á súa conveniencia, previa autorización dos decanos, directores de centros e xefes das distintas unidades administrativas, de acordo co disposto no punto 14 da resolución reitoral do 11 de xullo de 2003.
- Aconséllase facer uso dos días ao longo do ano xa que, no período de Navidades, co obxecto de salvagardar as necesidades do servizo, non se permitirá a utilización de máis de cinco días laborais, salvo que a criterio do órgano competente para autorizalos, conveña máis unha acumulación ou fraccionamento distinto do sinalado.
- Cando por razóns de servizo non se faga uso da totalidade do mencionado permiso ao longo do ano, poderá concederse ata o límite máximo do día 15 de xaneiro de 2007.

b) Os vixiantes disfrutarán de 11 días continuados ao ano, que se iniciarán o día laborable anterior ao 24 de decembro, sen ter en conta os sábados, domingos e festivos.

6.- As vacacións anuais, que poderán disfrutarse ata o día 15 do mes de xaneiro do 2007, deberán programarse tendo en conta o seguinte:

- **Antes do 30 de abril de 2006**, os decanos e directores dos centros, a través dos xestores académicos, e os xefes das distintas unidades administrativas, enviarán a proposta a xerencia, **responsabilizándose de que tódolos centros e servizos permanezan abertos**, agás o que se estableza para as tardes do mes de agosto.

A programación das vacacións deberá ter sempre en conta as necesidades do servizo.

- As vacacións anuais, serán **dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles por ano completo de servizo ou a parte proporcional ao tempo de servizos efectivos. Para estes efectos non se considerarán como días hábiles os sábados.**

- Poderán disfrutarse a solicitude do traballador ao longo de todo o ano, en **períodos mínimos** de cinco días hábiles consecutivos, ata completar 22 días hábiles anuais, ou de sete días naturais consecutivos ata completar 30 días naturais anuais.

- Así mesmo, e aos efectos de determinar o período computable para o cálculo das vacacións anuais, as ausencias do traballo por motivos independentes á vontade do traballador, tales como enfermidade, accidente ou maternidade, así como aquelas outras derivadas do disfrute de licenzas a que se refiren os artigos 71 e 72 do texto articulado da lei 315/1964 de Funcionarios Civís do Estado, e os permisos recollidos no artigo 30 da lei 30/1984 de Medidas para a reforma da Función Pública, se computarán como servizos efectivos.

- Os traballadores poderán acumular o período de disfrute de vacacións aos permisos derivados do nacemento, adopción ou acoliemento, aínda que rematara o ano natural a que tal período corresponda.

- No caso de baixa por maternidade, cando esta situación coincida có período vacacional, éste quedará interrompido, podendo disfrutar as vacacións ao remate do período do permiso por maternidade, segundo se recolle no parágrafo anterior.

- As mulleres xestantes terán dereito á elección do período de vacacións.

- Os traballadores con fillos/as menores de seis anos ou maiores dependentes ao seu coidado, terán preferencia á hora de elección do período de vacacións.

- Os traballadores con fillos/as menores de seis anos ou maiores dependentes ao seu coidado, terán preferencia á hora de elección do período de vacacións.
- Por mor das específicas peculiaridades que se dan no **Servizo Universitario de Residencias**, o persoal alí destinado deberá acoplar as súas vacacións, o máximo posible, ás circunstancias que se dean en cada un dos Centros. Así mesmo, os traballadores da **Escola Infantil Breogán** collerán as súas vacacións durante o mes de agosto e, as categorías que se especifican no Convenio Colectivo, terán a maiores o tempo adicional que nel se recolle.
- Os traballadores terán dereito ao goce de **días hábiles adicionais ás vacacións**, segundo os anos de servizo prestados que a seguir se especifican:


Por 15 anos de servizo	1 día adicional
Por 20 anos de servizo	2 días adicionais
Por 25 anos de servizo	3 días adicionais
Por 30 anos de servizo	4 días adicionais

Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao de cumprimento dos anos de servizo sinalados anteriormente.

- Tendo en conta a experiencia de anos anteriores, naqueles servizos que teñen unha relación máis directa co calendario académico aprobado, como son as bibliotecas e os centros, procurarase que se concentren no período comprendido **entre a segunda quincena de xullo e finais de agosto** co fin de garantir a prestación do servizo.
- Con carácter xeral, agás que por necesidades do servizo sexa necesario facer a redución noutro período que establecerá a xerencia, nos meses de xullo e agosto, o horario semanal será de 25 horas de traballo efectivo.
- O período vacacional dos traballadores/as contratados/as de duración determinada, será proporcional ao tempo traballado.

7.- Calquera modificación do aquí exposto non poderá ser feita de forma unilateral, para iso será necesaria a previa autorización da xerente.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2006

Axerente en funcións,

Mar Rodríguez Fernández